



as bases da banda

contacto

Para encargar a exposición e os obradoiros e coñecer as condicións do seu préstamo poden porse en contacto con:

O Garaxe Hermético

Rúa Álvaro Cunqueiro nº 4 Baixo,
36002 Pontevedra / Galicia

Telf: 886 208362 • Movil: 610 337312

<http://www.ogaraxehermetico.com/>
ogaraxehermetico@gmail.com

Para comentar calquera cuestión encol do proxecto:

Asociación Cultural BD Banda

<http://www.bdbanda.com>
info@bdbanda.com


A banda deseñada ou cómic é unha arte autónoma, con máis de cen anos de vida, que nos últimos olla medrar o seu recoñecemento como parte da cultura. A maiores, en Galicia unha destacada fornada de autores está a levar esta arte a límites creativos e de éxito nunca vistos no país. Dentro deste contexto, a **Asociación Cultural BD Banda en colaboración coa Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración O Garaxe Hermético** promoven a iniciativa **As bases da banda** para achegar este momento de eclosión aos centros de ensino do noso país.

obxectivos

O proxecto **As bases da banda** consiste nunha exposición didáctica, orientada especialmente para estudantes de últimos anos de primaria, secundaria e bacharelato, que vai acompañada cunha guía.

A proposta ten un duplo obxectivo:

- Dar a coñecer a banda deseñada como unha arte autónoma e importante entre o alumnado dos centros de ensino galegos. Con este fin amosamos brevemente a súa evolución histórica e introducimos os alumnos e alumnas nos recursos expresivos básicos que compoñen esta arte, con vistas a animar á lectura e creación de obras deste tipo.
- Achegar algunhas ideas aos educadores e animálos a que exploren as múltiples posibilidades da banda deseñada como recurso didáctico para os máis diversos temas. Nese sentido, propomos unha serie de actividades que procuran afastarse da tradicional asociación desta arte coas materias artísticas, ademais de procurar posibles aplicacións de distintas publicacións deste tipo. A maiores, unha ampla bibliografía e webliografía permitiránlle a profesores e alumnos afondar no medio.



1 Que é a banda deseñada?



Que é un cómic?
A banda deseñada (ou cómic) é unha forma de expresión baseada na narrativa visual, no tradución: contar unha historia utilizando debuxos, estalios (e tamén símbolos, palabras, etc.) colocados nunha secuencia temporal.




Elipse narrativa

O mecanismo básico da BD Consiste na omisión de certos momentos da narración gráfica. É a parte da historia que fica entre dúas viñetas consecutivas, que debe ser completada pola imaxinación do lector/a.



2a A looonga historia da BD



3a A linguaxe da banda



A viñeta
O cadrado ou viñeta considérase á unidade básica da banda deseñada. Cada cadrado, polo xeral, detalla un momento temporal concreto (que pode ser máis ou menos longo). É a un espazo onde cada panel se produce a súa acción narrativa.

Os planos

Diferenciamos planos ou diferentes vistas, que serven de referencia personal ao lector/a atendendo á maior ou menor importancia que lles damos de figura e espazo. O seu funcionamento é o mesmo que o da fotografía.



Encadres

Dentro das viñetas podemos encontrar un elemento que chama a atención do lector/a: o encadre. Este elemento pode ser un elemento decorativo que serve para destacar un momento concreto da historia.



formato

A proposta consiste en 10 paneis pregables e pendurables de 1m de ancho de 1,5m de alto que desenvolven os diferentes contidos da mostra.

contidos

- A Historia da BD, con referencias galegas, estatais e internacionais
- Os recursos creativos da BD e os pasos para se iniciar nesta arte. Guión, narración gráfica, encadre, liñas cinéticas, globos, etc.
- Propostas de lectura
- Espazo para a creación

De xeito paralelo, a **Guía Didáctica** (44 páxinas), pensada para desenvolver os contidos da exposición, segue os mesmos epígrafes da mostra e propón actividades para desenvolver con cada un deles. A maiores achega toda unha serie de recursos de documentación e de ideas sobre posibles aplicacións didácticas de obras de BD galegas que preten den animar a alumnos e profesores a aprofundar nesta arte.

obradoiros

No marco do proxecto divulgativo **As bases da banda** os centros de ensino terán a posibilidade de contar con obradoiros de creación de banda deseñada impartidos polos profesores e colaboradores da **Escola Profesional de Banda Deseñada O garaxe hermético**. Os obradoiros, axeitados para alumnos a partir dos 12 anos, aproveitarán os contidos da exposición para afondar de xeito práctico no proceso creativo e nas técnicas narrativas da banda deseñada. Tamén existe a posibilidade de desenvolver charlas divulgativas arredor da novena arte.